

## NOTA INFORMATIVA AXENDA

### Mércores 14

**10.30 h.**

**-Visita didáctica ás Dependencias da Policía Local**

Participarán escolares de educación de educación infantil do Colexio Nosa Señora dos Remedios. Lugar: instalacións da Policía Local (baixos de Raxoi).

**10.30 h.**

**-Recuperación memoria histórica.** Programa de animación á lectura para escolares de E.S.O. Participará un grupo de escolares do IES Antonio Fraguas. Lugar: Galería Sargadelos (Rúa Nova, 16).

**11.00 h.**

No Hotel Monumento San Francisco, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, inaugura as Xornadas sobre o Pacto Local que organiza a FEGAMP.

**12.00 h.**

No Colexio de Fonseca, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste á toma de posesión do rector da USC, Senén Barro.

**12.00 h.**

No Mosteiro de San Martiño Pinario (Praza da Inmaculada), entrega de diplomas da campaña educativa "En cada rostro igualdade" do Foro de Inmigración de Santiago. Máis de 150 estudantes de centros de ensino de Santiago (Colexio La Salle, IES Eduardo Pondal, IES Rosalía de Castro e IES de Sar) recibirán un diploma e un distintivo pola súa participación neste programa desenvolvido nos meses de febreiro e marzo. No acto, participará un grupo de escolares de danza do Instituto Xelmírez I dirixidos pola profesora Beatriz Viñal coa coreografía "Muller Area".

**12.00 h.**

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** da concelleira de Medio Ambiente para presentar unha campaña de educación ambiental sobre a recollida selectiva dirixida aos máis novos. Tamén se darán a coñecer os gañadores da campaña informativa sobre o uso correcto do colector de envases de plástico, latas e briks.

**13.45 h.**

O alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, e a concelleira de Educación, Elvira Cienfuegos, visitan o Colexio Rexional de Xordos, en San Paio, para coñecer o traballo diario que desenvolve este centro educativo e compartir xantar cunha representación da comunidade escolar.

**18.00 h.**

Na Casa do Concello, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, recibe ao presidente da Asociación ASPAS de Santiago, Marcelo de la Cruz.

**20.00 h.**

No Salón Nobre da Casa do Concello, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, fará entrega dos premios da campaña informativa sobre o uso correcto do colector de envases de plástico, latas e briks.

**II Semana Cultural do Centro Sociocultural do Castiñeiriño**

**16.00 h**

- Faladoiro radiofónico (Radio Obradoiro).
- Xogos informáticos en rede.

**18.00 h**

- Taller de radio (Radio Obradoiro).

**19.00 h**

- Contacontos a cargo de Soledad Felloza.

**20.00 h**

- Charla sobre nutrición na terceira idade impartida por Shaila Mira Espasandín, Cristina Ocho Pereira e Ana Escais Rodríguez, técnicas superiores en dietética e nutrición.

**23.00 h**

- Cine ao aire libre: proxección do filme *Mar adentro*.

**Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2006**